




PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

As Rías Baixas son sinónimo de cultura e gastronomía. Na provincia de Pontevedra cada localidade ofrécelle algo único e singular á ou ao visitante. Recomendámosche percorrer as distintas comarcas de Pontevedra da man destas doce rutas para descubrir a súa historia, a súa cultura e a súa gastronomía a través dos museos. En cada ruta descubrirás unha gran diversidade de paisaxes repletas de historias, nas que a beleza natural de praias, bosques ou montañas harmoniza cun rico patrimonio e con museos que desvelan os segredos desta terra.



- 01 Viño e lamprea - A Paradanta
- 02 Terra de fronteiras, auga e historia - O Condado
- 03 O sagrado na natureza e o control da paisaxe - O Baixo Miño
- 04 Puro Atlántico - O Baixo Miño e Vigo
- 05 Arte e cidade - Vigo
- 06 Un mar de historias - Vigo
- 07 Entre o mar e a terra - O Morrazo
- 08 Un tesouro artístico - Pontevedra
- 09 Do mar e do viño - O Salnés
- 10 Entre ríos e mananciais - Caldas
- 11 O campo, un mundo de riquezas - Tabeirós - Terra de Montes e Pontevedra
- 12 Terras do interior - Deza



Monte da Peneda (Redondela e Soutomaior)

ENCLAVES NATURAIS

7 Illas Cíes (Vigo)

O arquipélago de Cíes, situado na boca da ría de Vigo, está formado por tres illas montañosas de gran valor ecolóxico: Monteagudo, O Faro e San Martiño. Representa un excelente observatorio de fauna e flora.

11 Monte da Peneda - castelo de Castrizán (Redondela e Soutomaior)


Montículo que, preto do río Verdugo, ofrece un dominio visual excepcional da entrada da ría de Vigo, das súas ribeiras e mesmo das illas Cíes. Acháronse a necrópole megalítica de Cortello dos Mouros e a Mámoa do Rei. Foi ocupado por un castro da Idade do Ferro e, no ano 1477, o bispo de Santiago, Alonso Fonseca, construíu un castelo. Posteriormente, na súa cima construíuse unha ermida dedicada á virxe da Peneda.

Parque Nacional das Illas Atlánticas (Vigo, Bueu e Vilagarcía de Arousa)

O parque está formado por máis de 8.480 hectáreas, das cales 7.285 son mariñas e o resto terrestres. Está composto por catro arquipélagos: Cortegada, Sálvora, Ons e Cíes, que actúan de barreira natural das rías ante o océano e nos que se conserva unha biodiversidade terrestre e mariña de alto valor natural.

Paseo pola ría de Vigo (Vigo)

Desde a estación marítima da ría de Vigo existen diversas opcións para realizar un paseo en barco e visitar as illas Cíes ou as localidades mariñeiras do outro lado da ría, coma Moaña ou Cangas, no Morrazo.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA



Accede a máis información

Atrévete a vivir novas experiencias a través de doce rutas. Empezarás unha viaxe cara ao máis esencial da provincia de Pontevedra: a súa historia, a súa cultura, a súa paisaxe e a súa gastronomía.

<https://turismoriasbaixas.com/gl/hambre-de-experiencias>

PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

RUTA 06 Vigo

UN MAR DE HISTORIAS



Illas Cíes (Vigo)



SABOREA VIGO

UN MAR DE HISTORIAS

Saborea a ría de Vigo, ule a mar e a sal e degusta os mellores produtos do mar percorrendo as localidades de Soutomaior e Vigo. A explotación dos recursos mariños é unha tradición milenaria en Vigo, baseada na recolección e a cría de marisco, na pesca, pero tamén na tradición da salgadura e a conserveira. A través das súas paisaxes, do seu patrimonio e dos seus museos descubrirás os grandes segredos da cultura do mar nesta terra.

Toda a ría de Vigo está salpicada de patrimonio que nos conecta coa súa actividade e gastronomía mariñeiras: o Museo do Mar de Galicia ofrece un extenso percorrido polos diversos ecosistemas mariños e achéganos á arraigada cultura do mar, os castros da Idade do Ferro reflicten unha importante actividade mariscadora e as salinas de época romana manifestan a antiga tradición das industrias de salgaduras, unha delicia gastronómica xa para os romanos. Durante o século XIX as industrias conserveiras convertéronse nun importante motor económico, que queda testemuñado polas numerosas antigas fábricas ou polo interesante Museo ANFACO da industria conserveira.

Pero a ría de Vigo esconde moitas máis historias, como a importancia que tivo o seu control para evitar as incursións procedentes do mar que poderían irromper cara o interior, especialmente durante a Idade Media. Por iso, un castelo coma o de Soutomaior foi estratéxico para a vixilancia do territorio.




Monte da Peneda (Redondela e Soutomaior)



Centro de visitantes do P. N. Illas Atlánticas de Galicia-Edificio Cambón (Vigo)



Centro arqueolóxico Salinae (Museo do Mar) (Vigo)



1 - Soutomaior
2 - Vigo




Museo ANFACO da Industria Conserveira (Vigo)



Vila romana de Toralla (Vigo)

06 Vigo

UN MAR DE HISTORIAS



MUSEOS

1 Museo ANFACO da Industria Conserveira

Iniciativa da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos para difundir a importancia e a evolución dun dos sectores empresariais con máis historia de Galicia: o sector da conserva, unha industria pioneira na que a sardiña é a protagonista.

📍 Estrada Colexio Universitario, 16, 36310 Vigo
T +34 986 469 301
W www.museoconserva.es

2 Vila romana de Toralla

É a vila costeira de época romana máis importante do noroeste peninsular, que, situada nun pequeno cabo fronte á illa de Toralla, se dedicou principalmente á explotación dos recursos mariños. Descubríronse

unha área de traballo, unha residencia e un complexo termal. Divulga a actividade na vila e mostra os obxectos arqueolóxicos recuperados.

📍 Barrio Illa de Toralla, Oia, 36208 Vigo
T +34 986 810 260

3 Museo do Mar de Galicia

Situado nunha antiga fábrica conserveira, mostra a bioloxía e os ecosistemas mariños a través dun acuario e presenta a explotación e a transformación dos recursos mariños e pesqueiros. No interior do museo consérvanse os restos do castro da Punta do Muíño do Vento.

📍 Avenida Atlántida, 160, 36208 Vigo
T +34 986 247 750
W www.museodomar.com

6 Centro de visitantes do P. N. Illas Atlánticas de Galicia-Edificio Cambón

Situado no centro histórico de Vigo, expón os valores naturais e culturais das illas atlánticas. Os ecosistemas, a biodiversidade ou a pesca tradicional son algunhas das temáticas tratadas.

📍 R/ Palma (edificio Cambón), 4, 36202 Vigo
T +34 886 218 090
W www.parquenacionalillasatlanticas.com

9 Centro arqueolóxico Salinae (Museo do Mar)

É a única salina mariña de evaporación solar de época romana conservada e musealizada en Galicia. Trátase dunha importante factoría, con cubetas moi ben conservadas, que abasteceu de sal as industrias da salgadura. O centro mostra obxectos relacionados e explica o proceso de obtención de sal.

📍 R/ Rosalía de Castro, 21-23, 36201 Vigo
T +34 986 247 691
W www.museodomar.com/salinae

12 Castelo de Soutomaior e os seus xardíns

Edificado no século XII, foi ampliado no século XV e remodelado como residencia no século XIX. É unha das fortificacións mellor conservadas de Galicia e durante a visita descóbrense a historia da fortaleza e das apaixonantes vidas dalgúns dos personaxes que o habitaron, como Pedro Madruga, o marqués de La Vega de Armijo ou María Vinyals. Está rodeado por un xardín que en 2012 obtivo o recoñecemento de Xardín de Excelencia Internacional da Camelia.

📍 R/ Rial, s/n, 36691 Soutomaior
T +34 886 209 500 T +34 986 804 100
W www.castelodesoutomaior.com

OUTROS PUNTOS DE INTERESE

4 Antigo barrio mariñeiro do Berbés (Vigo)

Barrio de tradición mariñeira onde en orixe se situaban os varadoiros e os almacéns para gardar as embarcacións ou os apeiros de pesca. Posteriormente ocupárono casas de mariñeiros. Nas pequenas prazas e soportais outrora realizábanse os labores relacionados coa pesca.

MOMENTOS GASTRONÓMICOS

Algúns dos principais produtos gastronómicos que podes gozar ao longo desta ruta son o marisco e o peixe, as conservas, as salgaduras e os viños.

5 A lonxa de Vigo

Baixo petición e para grupos ofrécese a posibilidade de visitar a lonxa de Vigo e seguir en directo a poxa de peixe fresco.

8 Degustación de ostras (Vigo)

Como o seu nome indica, na rúa das ostras diversos establecementos ofrecen este molusco ao natural.

10 Festa da Ostra de Arcade (Soutomaior)

Festa de Interese Turístico de Galicia que ten lugar durante a primeira fin de semana de abril, con degustacións de ostras ao natural, en empanada ou en escabeche.



Museo do Mar de Galicia (Vigo)



Castelo de Soutomaior e os seus xardíns



Degustación de ostras (Vigo e Soutomaior)